

Expediente número: 2025/E001/000003

Procedemento: PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DO MUSEO ARQUEOLÓXICO ABERTO DE CARNOTA

ACTA N° 2

ACTA DEFINITIVA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DO MUSEO ARQUEOLÓXICO ABERTO DE CARNOTA

LUGAR: Casa do Concello de Carnota

DATA: 21/07/2025

HORA DE INICIO: 09:00 h

HORA DE FINALIZACIÓN: 10:15 h

ASISTENTES:

Presidenta:

- María Lago Gónzález

Vogais:

- Manuel González Castro

- Alianza Uhía Patiño

- María Luísa Beiro Agulleiro

Secretaria:

- María Dolores Lago González

ORDE DO DÍA:

1. Resolución da alegación presentada.
2. Aprobación das puntuacións definitivas e da relación de aspirantes propostas para formar parte da bolsa de contratación, por orde de prelación.
4. Publicación e recursos.

1. Resolución da alegación presentada.

Finalizado o prazo de alegacións, réunese o tribunal cualificador do proceso de selección para a creación dunha bolsa de contratación para o posto de técnico/a de atención ao Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, nomeado por resolución da Alcaldía de data 09/07/2025, co obxecto de resolver as alegacións presentadas, aprobar as puntuacións definitivas e a relación de aspirantes propostas para formar parte da bolsa de contratación, por orde de prelación, e elevar a dita proposta á Alcaldía do Concello de Carnota para a súa aprobación.

O 17/07/2025, tivo entrada no rexistro do Concello de Carnota unha alegación presentada pola aspirante D.^a María Reyes Rosas Alonso, relativa á formulación da segunda proba da fase de oposición do proceso selectivo, na que alega: *“que con relación a esa segunda proba los/as responsables de la preparación de este examen no cumplieron con lo establecido en estas bases ya que esta segundo prueba no consistió en la realización por escrito de una propuesta de actividades de dinamización del Museo Aberto de Carnota sino que consistió en contestar por escrito a tres*

preguntas”.

Analizada a alegación, o tribunal cualificador acorda incluíla no expediente e conclúe que as tres cuestións formuladas na proba obxecto da alegación están directamente relacionas co previsto na disposición undécima das bases reguladoras do proceso selectivo, pois permiten avaliar os coñecementos prácticos das persoas aspirantes nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e de posta en valor e divulgación do medio natural. Ademais, as tres preguntas que integran a proba están contextualizadas no Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota e directamente relacionadas coas funcións de dinamización deste espazo museístico, polo que constitúen unha proposta válida e coherente co que establecen as bases reguladoras do proceso selectivo.

Por todo o exposto anteriormente, o tribunal cualificador acorda desestimar a alegación presentada pola aspirante María Reyes Rosas Alonso, ao considerar que a proba práctica en cuestión se axusta plenamente ao establecido na disposición undécima das bases reguladoras do proceso de selección publicadas no BOP núm. 113, do 16 de xuño de 2025.

2. Aprobación das puntuacións definitivas e da relación de aspirantes propostas para formar parte da bolsa de contratación, por orde de prelación.

Concluídas as valoracións e resolta a alegación presentada, o tribunal acorda aprobar as puntuacións acadadas por cada aspirante, conforme se determina a continuación:

APELLIDOS E NOME	DNI	FASE DE OPOSICIÓN			FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
		1ª PROBA	2ª PROBA	TOTAL FASE OPOSICIÓN		
Lago Somoza, Vanesa	***7528**	2,7	3	5,7	5	10,7
Gonzalez Gonzalez, Paula	***5046**	2,85	3	5,85	1,2	7,05
Rosas Alonso, María Reyes	***3444**	1,75	0,5	2,25	3,5	-
Castro Álvarez, Olga	***6472**	1,00	-	1,00	-	-
Riestra Puga, Carmen María	***2929**	0,5	-	0,5	-	-

As aspirantes Olga Castro Álvarez, Carmen María Riestra Puga e María Reyes Rosas Alonso non superaron a fase de oposición, por non acadaren unha puntuación mínima de 1,5 puntos nalgunha das dúas probas da fase de oposición. Tal e como establece a disposición undécima das bases, as ditas aspirantes quedan eliminadas do proceso selectivo.

A continuación o tribunal acorda aprobar a relación das aspirantes propostas para formar parte da bolsa de contratación para o posto de técnico/a de atención do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, por orde de prelación, tal e como se determina a continuación:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	FASE DE OPOSICIÓN	FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Lago Somoza, Vanesa	***7528**	5,7	5	10,7
2º	Gonzalez Gonzalez, Paula	***5046**	5,85	1,2	7,05

3. Publicación e recursos

De conformidade coa disposición duodécima das bases reguladoras do proceso selectivo, o tribunal acorda publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na páxina web da Corporación a relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo e que conformarán a bolsa de contratación para o posto de técnico/a de atención do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, por orde de prelación. Así mesmo, o tribunal acorda elevar esta proposta ao alcalde para a súa aprobación.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía do Concello de Carnota, no prazo de 1 mes, que se contará desde a publicación da presente acta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, e os/as asistentes dan a súa conformidade ao contido da presente acta, de todo o que, como secretaria, dou fe.